

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE QUIROGA PARA A RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN VARIOS TRAMOS DA ESTRADA LU-623 (QUIROGA-REVIDE)

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Quiroga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Quiroga para a renovación da rede de abastecemento municipal en varios tramos da estrada LU-623 (Quiroga-Revide).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Entre os obxectivos do Concello de Quiroga están o desenvolvemento do turismo dentro do concello de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como factor de crecemento económico, a



valorización dos recursos turísticos e o fomento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial. Xa que logo, este concello dirixe os seus esforzos cara a conservación, divulgación e posta en valor dos seus recursos.

O Concello de Quiroga, é a porta de entrada á Ribeira Sacra e o corazón do Xeoparque Montañas do Courel xunto con Folgoso do Courel e Ribas de Sil. Un xeoparque baséase nas súas peculiaridades xeolóxicas, pero non só se trata de xeoloxía. Aínda que un xeoparque debe demostrar que contén un patrimonio xeolóxico de relevancia internacional, os seus obxectivos deben explorar, desenvolver e promover as relacións entre o seu patrimonio xeolóxico e todos os demais aspectos patrimoniais, sexan naturais, culturais ou inmateriais, presentes na zona. O Concello de Quiroga é un destino destacado en Lugo por combinar natureza, xeoloxía e cultura.

Terceiro.- O obxecto deste convenio é levar a cabo as actuacións previstas para a mellora da rede de abastecemento municipal no tramo Ribeira - Estradas, que comprenden a substitución da tubaxe principal, a execución de acometidas, a reposición de pavimentos e todas as operacións auxiliares necesarias.

Con estas actuacións quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas no concello de Quiroga, para a mellora da calidade de vida da poboación. Ademais supón a posta en valor do Camiño de Santiago de cara á celebración do Xacobeo 2027, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Para poñer en valor, divulgar e potenciar a oferta turística do concello, faise necesario este proxecto de salubridade desta zona que albergará servizos de aloxamento e zonas de desfrute dos espazos naturais da zona.

Por outro lado, a Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En



segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Neste senso cómpre mellorar os investimentos no turismo rural para manter o rico patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas básicas que melloren a experiencia turística. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén se contribuirá a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentárase un turismo responsable e sostible.

Neste senso cómpre mellorar os investimentos no turismo rural para manter o rico patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas básicas que melloren a experiencia turística. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén se contribuirá a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentárase un turismo responsable e sostible.

Que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas, no lugar de Quiroga, para a mellora da calidade de vida da poboación; e a posta en valor do Camiño de Santiago de cara a celebración do Xacobeo 27, ofrecendo ao visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Quiroga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

